

Departamento de Filosofía

IES Vilanova de Arousa – Curso 2019-20

PSICOLOXÍA 2º BACHARELATO
UNIDADE 3 – EXAME CONTIDOS TEÓRICOS (a) – PÁXINA 41 –
Instrucións:

Deberás relacionar os síntomas e desordes psicolóxicos cos termos correspondentes, sinalando nos recadros que letra vai unida a cada un dos 15 números. Cada relación completa acertada: 0,10 puntos.

NOTA MÁXIMA TOTAL: 1,5 PUNTOS

NOME, APELIDOS E CURSO:
Tempo estimado de execución

45 minutos

1. Necesidade de infrinxir dano a outra persoa para excitarse sexualmente.	a) Alucinación.
2. Prodúcese en ausencia dun estímulo apropiado á experiencia que a persoa ten.	b) Anorexia nerviosa.
3. Condutas e fantasías que implican a actividade sexual dun adulto cun neno.	c) Ansiedade.
4. Mexarse na cama.	d) Bulimia.
5. Exaxerada valoración da importancia, o poder, o coñecemento ou a identidade persoais.	e) Delirio de grandeza.
6. Necesidade de consumir grandes cantidades de comida. A persoa vese invadida por sentimentos de culpa e mitiga os efectos producíndose vómitos.	f) Delirium tremens.
7. Aparece en alcohólicos durante o síndrome de abstinencia. Caracterízase por axitación motora, desorientación, medo intenso, alucinacións.	g) Depresión.
8. Estado emocional caracterizado por reaccións de medo e aprensión anticipatoria de perigo ou ameaza, acompañados de activación do sistema nervioso autónomo.	h) Dislexia.
9. Ideas, pensamentos ou imaxes, persistentes e absurdos, non vividos como voluntarios, senón como ideas que invaden a conciencia.	i) Enurese.
10. Rexeitamento contundente a manter o peso corporal por riba do valor mínimo normal. Medo intenso a gañar peso ou engordar.	j) Esquizofrenia.
11. Trastorno afectivo caracterizado por tristeza, pranto, perda de enerxía, desilusión, desánimo, sentimentos de desvalorización e alteracións do sono e do desexo sexual.	k) Obsesións.
12. Trastorno que se caracteriza por enganos ilusorios (delirios de grandeza) e por ideas de persecución imaxinarias.	l) Paidofilia.
13. Individuo incapaz de experimentar ansiedade ou sentimentos de remordemento e/ou culpa.	m) Paranoia.
14. Dificultade na aprendizaxe da lingua en nenos maiores de sete anos sen deficiencias sensoriais ou lesións neurolóxicas.	n) Psicópata.
15. Alteración do pensamento caracterizada por unha deformación completa da realidade: ideas delirantes, despersonalización, alucinacións sen base sensorial, ambivalencia afectiva, repetición sen sentido de certos movementos, etc.	o) Sadismo.

NÚMERO	LETRA	NÚMERO	LETRA	NÚMERO	LETRA
1		6		11	
2		7		12	
3		8		13	
4		9		14	
5		10		15	